

## A lingua galega na encrucillada

**A**lbiscar o futuro do galego non é tarefa doada. Aínda que pode resultar relativamente fácil concordar en que o idioma ten por diante moitos anos de vida, atoparemos máis dificultades para imaxinar e acordar como será esa existencia futura. Porque posibilidades hai moitas e non todas elas serán do agrado dos diferentes actores sociais e políticos.

A lingua galega, tras anos de maltrato e de ocultamento social, accedeu á consideración legal de lingua propia de Galicia e a un estatuto de cooficialidade co castelán. A sociedade galega, ademais, converteuse en suxeito paciente dunha política lingüística institucional implementada polos gobernos da Xunta de Galicia, por diversas administracións locais, xudiciais ou universitarias, etc. E, tamén, a sociedade galega seguiu desempeñando un rol de suxeito axente na posta en práctica de iniciativas para estender a presenza do galego a todos os ámbitos posibles.

É incuestionable que Galicia será o escenario principal onde se vai xogar o futuro do galego. Que procesos e situacións caracterizan o momento actual? Sen sermos exhaustivos, imos formular algunhas ideas. Os indicadores sociolingüísticos básicos seguen mostrando tendencias que levan á preocupación, porque remiten á continuación do proceso histórico de substitución social do galego polo castelán. Se a iso lle engadimos que a política lingüística institucional, levada a cabo desde 1980 ata hoxe, deu resultados cativos, temos argumentos para pór de relevo os avances conseguidos ata agora e, ao mesmo tempo, para deternos na consideración dos estancamentos e dos retrocesos observados.

Avances atopámoslos cando constatamos a fortaleza demográfica do galego como lingua inicial, habitual e de uso oral espontáneo, aínda que os índices cuantitativos decrecen paseniñamente. Se lle engadimos que a lingua galega entrou en ámbitos de uso novos e prestixiados, que se constata un aumento considerable no número de individuos con capacidade para escribir e ler (sobre todo nas xeracións máis novas?), e que os individuos manifestan unha consideración social positiva cara ao galego, este panorama pode levarnos a desenvolver unha interpretación optimista respecto do futuro que lle agarda ao idioma. E todo iso non debemos esquecerlo en ningún momento, contando cun recoñecemento legal que segue garantindo o nivel de protección dos dereitos lingüísticos dos galegofalantes.

E tamén atopamos un abano diverso de estancamentos ou retrocesos, dependendo dos casos. A forza demográfica

dunha lingua, medida no seu número de falantes habituais, é un factor importante para a súa sobrevivencia e vitalidade, pero non garante a inmunidade ante o avance da substitución lingüística. Ao tempo, se a lingua perde presenza nos usos informais orais e non gaña espazos significativos nos usos escritos, malia o aumento da capacidade para facelo, a vitalidade social desa lingua estará comprometida.

Moito diso temos na lingua galega no momento actual: un déficit importante de vitalidade, de poder e de prestixio social. A presenza e máis o uso efectivo do galego nos espazos máis urbanizados e entre a mocidade segue sendo baixo. O aspecto positivo que supón o aumento dos individuos competentes á hora de falar, ler e escribir en galego non se traslada ao uso efectivo do idioma, de maneira que os individuos son capaces de utilizar a lingua pero non o fan porque non queren, porque non teñen alicientes para facelo ou porque carecen de espazos sociais onde se desenvolveren en galego.

Ademais, persisten diversos tipos de actitudes negativas e de prexuízos respecto do galego, e tamén agroman novos elementos valorativos negativos. O mantemento de ámbitos de uso moi refractarios para o galego -o xudicial, por exemplo- e ámbitos sociais en xeral pouco galeguizados -o ámbito socio-económico ou a universidade, por exemplo- mostran ben ás claras a fragilidade dun proceso recuperador con serias limitacións no seu percorrido recente. Tampouco son nada desprezables as consecuencias negativas que teñen os novos discursos lingüísticos que cuestionan a andamiaxe legal que protexe na actualidade a oficialidade do galego.

Tendo en conta estes aspectos, entre outros, a sociedade galega deberá reflexionar sobre se quere apostar polo galego como lingua de identificación dunha colectividade diferenciada. Se a resposta é positiva, é dicir, o galego debe *salvarse*, deberá debater sobre que significa *salvarse*: cal será o modelo lingüístico da sociedade galega do futuro? Cales serán as funcións e usos sociais para a lingua galega? Que papel e estatuto terá o castelán? Que política lingüística se está disposto a asumir para acadar os obxectivos lingüísticos? En definitiva, urxe promover unha discusión participativa sobre esa configuración lingüística que queremos construír entre todos/as para a Galicia do futuro, para consensuar e concretar o significado diso que anteriormente adoitamos denominar ambiguamente como *normalización* lingüística.

Ademais, tampouco debemos esquecer que a revitalización do galego se encadra nos novos desafíos que se formu-



lan na sociedade actual, que cuestionan o papel único do Estado nos procesos sociolingüísticos e que salientan o valor económico das linguas. Neste novo escenario non parece que a revitalización das linguas minoritarias deba seguir centrándose só nos esforzos que os gobernos dediquen ao dominio

público. Os mercados pasan a ser institucións con capacidade para regular non só os intercambios económicos senón tamén os simbólicos: so. G

\_\_\_\_\_  
Anxo Lorenzo é profesor de sociolingüística na Universidade de Vigo.